



Federación Autismo Galicia



ESTRATEGIA
PLAN DE ACTUACIÓN 2014

As prioridades estratéxicas da Federación Autismo Galicia

1. Promover incidencia política e social do colectivo para a reivindicación e promoción do exercicio efectivo dos seus dereitos e defensa e a promoción da accesibilidade universal das persoas con TEA e as súas familias.
2. Promover o coñecemento, detección e desenvolvemento de programas de intervención educativa, social, sanitaria e a atención específica para as persoas con TEA e as súas familias.
3. Promover á formación e inclusión sociolaboral das persoas con TEA.
4. Promover a calidade de vida por medio de protocolos de actuación, investigación e transferencia de coñecemento sobre os TEA.

1. Promover a incidencia política e social do colectivo para a reivindicación e promoción do exercicio efectivo dos seus dereitos, así como a defensa e promoción da accesibilidade universal das persoas con TEA e as súas familias.

Participación social

Obxectivo: Representar ao colectivo ante a administración pública e privada e nas plataformas do terceiro sector intervindo na toma de decisións que teñen impacto no mesmo.

Actuacións:

- Reforzar os vínculos coa Confederación Autismo España e traballar para facer visibles as asociacións galegas ante o goberno central e ante as entidades nacionais do terceiro sector.
 1. Red de profesionais para a sensibilización sobre os TEA.
 2. Representación na Asamblea da CAE.
- Participar e promover reunións de traballo cos distintos representantes políticos, financiadores, empresas e demais grupos de interese para a consecución de acordos que beneficien o desenvolvemento da Federación e as entidades asociadas.

- Promover e avanzar na converxencia asociativa con outras entidades sociais de cara a mellorar a súa representatividade en favor do traballo pola especificidade e defensa dos dereitos dos seus colectivos.
 1. [Presentación e promoción do Grupo de Converxencia Asociativa: FEAFES, FEGADACE, DOWN Galicia e AUTISMO Galicia.](#)
- Favorecer e impulsar a converxencia e o compromiso coas asociacións membro e demais socios da Federación.

Defensa dos dereitos do colectivo

Obxectivo: Promover o exercicio efectivo dos dereitos das persoas con TEA

Actuacións:

- Manifesto de sensibilización conxunto do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo de acordo á Organización Mundial do Autismo (OMA).
- Manifesto común en defensa dos dereitos das persoas con autismo na celebración dos Días Europeos do Autismo de acordo con Autismo Europa (AE).
- Manifesto reivindicativo en defensa dos dereitos das persoas con discapacidade, no Día Internacional das Persoas con Discapacidade en coordinación coas entidades do sector.
- Revisión e achegas á normativa autonómica que afecte aos dereitos das persoas con TEA.
- Participación nos grupos de traballo para a elaboración de normativas ou documentos de boas prácticas que afecten aos dereitos das persoas con TEA.
- Denuncia no ámbito autonómico e local da conculcación dos dereitos do colectivo.
- Fomento da visión positiva e real dos trastornos do espectro do autismo evitando a conculcación dos seus dereitos e a estigmatización das persoas afectadas.

Accesibilidade Universal

Obxectivo: Promover a accesibilidade dos recursos para un uso eficaz deles por parte das persoas con TEA.

Actuacións:

- Participación en grupos de traballo e adopción de iniciativas para o desenvolvemento de medidas que fomenten e fagan efectiva a accesibilidade das persoas con TEA a tódolos recursos do seu entorno.
- Desenvolvemento de campañas de campañas que promovan a adaptación do entorno educativo, social ou sanitario para facelo máis accesible ás persoas con problemas de comunicación.

1. Edición dun tríptico destinado a profesionais da saúde: “O teu próximo paciente ten autismo”.
 2. Adaptación con pictogramas de espazos públicos en Concellos de Galicia.
 3. Elaborar un manual sobre accesibilidade comunicativa para as persoas con TEA.
- Avanzar na coordinación con outras entidades na defensa, divulgación e implementación de medidas para a accesibilidade das persoas con discapacidade a servizos e contornos.
 1. Traballo en rede coas entidades da Federación na implementación dos proxectos en materia de accesibilidade.
 2. Traballo en rede con outras entidades do terceiro sector no deseño de proxectos que fomenten a accesibilidade das persoas con discapacidade

2. Promover o coñecemento, detección e desenvolvemento de programas de intervención educativa, social, sanitaria e atención específica para as persoas con TEA e as súas familias.

Visibilidade do colectivo

Obxectivo: Ofertar información veraz, actualizada, formativa e divulgativa sobre os TEA e cantos aspectos sexan precisos para unha maior conciencia e implicación social.

Actuacións:

- Elaboración e difusión de publicacións científicas e temáticas.
 1. Publicación do número XVIII e renovación de Maremagnum para unha mellor distribución online.
 2. Publicación do terceiro número da revista Autismo Galicia para familias
- Desenvolvemento de xornadas formativas e informativas para distintos grupos de interese.
- Desenvolvemento de accións de difusión, sensibilización e información que fagan á sociedade máis receptiva a adoptar medidas de inclusión das persoas con TEA en tódolos ámbitos e contornos.
 1. Celebración de datas sinaladas: Actos do Día Mundial do Autismo, Campaña Solidaria IRPF, Preparación 20 aniversario, Días europeos do autismo, Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
 2. Divulgación das actividades, servizos e proxectos da Federación e das súas entidades a través de distintas canles.
 3. Renovación do formato de novas internas.

4. Renovación da Área web.
5. Diversificación e reforzo da presenza da Federación nas redes sociais.

Inclusión Educativa

Obxectivo: Favorecer a inclusión e o pleno desenvolvemento da persoa con TEA na etapa educativa.

Actuacións:

- Desenvolvemento de propostas de mellora para a atención educativa das persoas con TEA.
 2. Avanzar nas propostas á Consellería de Educación para a formación de profesionais.
 3. Definir liñas de actuación para a mellora do censo de persoas con TEA nos centros educativos de Galicia.
- Desenvolvemento, en coordinación coas asociacións federadas, de accións de información e formación para a comunidade educativa: profesores, pais e alumnos.
- Orientación e derivación a profesionais do sector.

Social e Sanitaria

Obxectivo: Facilitar mediante a transferencia de coñecemento a inclusión social e sanitaria das persoas con TEA e as súas familias.

Actuacións:

- Desenvolvemento de estudos de situación e prevalenza da poboación con TEA na comunidade autónoma que permitan realizar un diagnóstico da súa situación.
- Divulgación dos servizos da Federación e entidades membro.
- Establecemento dunha carteira de recursos para as persoas con TEA na comunidade autónoma.
- Realización de estudos e propostas de mellora na atención, servizos e recursos para a atención do colectivo.
- Realización, en colaboración coas entidades federadas, de programas de capacitación e sensibilización dos profesionais sanitarios e dos servizos sociais para que poidan satisfacer as necesidades específicas das persoas con TEA.
- Realización de programas formativos con públicos diversos que pola súa profesión ou dedicación teñan relación con persoas con TEA e as súas familias.
- Realización, en colaboración coas entidades membro, de campañas informativas e preventivas en materia de saúde.

Apoio a Familias

Obxectivo: Favorecer e mellorar o desenvolvemento persoal do núcleo familiar.

Actuacións:

- Realización de programas de conciliación da vida laboral e familiar, en colaboración e coordinación coas entidades federadas, a través da oferta de actividades para persoas con TEA cunha finalidade rehabilitadora ou terapéutica, incluíndo a organización de actividades lúdicas, culturais e sociais adaptadas ás características do colectivo.
 1. [Semana terapéutica: “Asnoterapia”.](#)
 2. [Semanas de respiro familiar: setembro de vacacións.](#)
 3. [Campamentos de Verán.](#)
 4. [Inclusión Social.](#)
- Promoción e desenvolvemento de estudos sobre as necesidades das familias das persoas con TEA.

Traballo en rede coas entidades asociadas

Obxectivo: Unificar criterios e liñas de acción para a mellora da calidade de vida das persoas con TEA e ás súas familia.

Actuacións:

- Creación de comisións de traballo para os eidos educativo, social, laboral e sanitaria.
- Difusión e defensa dos traballos e criterios comúns das comisións.

3. Promover á formación e inclusión sociolaboral das persoas con TEA.

Obxectivo: Mellorar as condicións para a empregabilidade das persoas con TEA.

Actuacións:

- Desenvolvemento de campañas informativas dirixidas ao empresario e a outros axentes sociais sobre as capacidades laborais das persoas con TEA, os recursos dispoñibles para facilitar a súa adaptación ao posto de traballo e o apoio á empresa que contrata a un traballador con TEA.
- Articulación de mecanismos de transición dende a etapa educativa á laboral, contemplando as necesidades das persoas con TEA.
- Deseño de itinerarios personalizados de inserción laboral.
- Desenvolvemento e apoio á formación das persoas con TEA para favorecer a inclusión e o desempeño profesional.
- Realización de prospección empresarial.
- Establecemento de redes de colaboración con empresas privadas coa finalidade de formar e mellorar as posibilidades de inclusión laboral das persoas con TEA.
- Desenvolvemento e apoio á formación dirixida a profesionais das entidades asociadas á Federación en materia de emprego.
- Desenvolvemento de accións formativas específicas para desempregados que capaciten para o traballo con persoas con TEA.

- Realización dun diagnóstico, promoción e implementación, en colaboración coas asociacións federadas, de estratexias de accesibilidade no entorno laboral.

4. Promover a calidade de vida por medio de protocolos de actuación, investigación e propiciar a transferencia de coñecemento sobre os TEA.

Participación e cooperación coas universidades

Obxectivo: Establecer redes de colaboración e alianzas coas universidades galegas.

Actuacións:

- Implicación da universidade no desenvolvemento de proxectos de investigación e estudos realizados e promovidos pola FAG.
- Promoción e participación nos proxectos de investigación relacionados cos TEA dentro da universidade.
- Promoción da formación da comunidade universitaria.
- Establecemento de vías de colaboración para a difusión e concienciación da necesidades de apoio aos estudantes con TEA.
- Desenvolvemento, en colaboración coas entidades federadas, de proxectos de accesibilidade no entorno universitario.

Promoción da investigación e participación en proxectos de innovación

Obxectivo: Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación para apoiar solucións técnicas adaptadas ás necesidades das persoas con TEA, especialmente nas tecnoloxías da información e da comunicación.

Actuacións:

- Apoio á investigación no desenvolvemento de novas tecnoloxías da información e da comunicación, de axudas técnicas, de produtos e de dispositivos que poidan contribuír á vida independente e á participación na sociedade das persoas con TEA.
- Realización de actividades formativas vinculadas ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Divulgación dos avances en investigación sobre os TEA.

5. Garantir a sustentabilidade da entidade a medio prazo.



Obxectivo: Manter os servizos da Federación Autismo Galicia.


Actuacións:

- Promoción de acciones de responsabilidad social con entidades privadas, tanto en forma de doazón económica como otras formas de achega de recursos.
- Abrir vías de captación de fondos privados.
- Defendera ás vías de financiamento público existentes.


Programas

Os programas nos que está traballando a Federación Autismo Galicia son:





Programa de accesibilidade



Proxecto de Accesibilidade do Entorno Sanitario

Obxectivo xeral: Promover a accesibilidade no entorno sanitario para as persoas con TEA.

Actuacións:

1. Edición dun tríptico destinado a profesionais da saúde: “Tu próximo paciente tiene autismo”.
 - **Obxectivo específico:** Mellorar o acceso do paciente con TEA e a súa familia ao sistema sanitario en igualdade de condicións ao resto de pacientes.


Proxecto de Accesibilidade de Entornos Sociais

Obxectivo xeral: Contribuír a eliminar as barreiras de acceso aos espazos públicos para as persoas con TEA que viven na nosa comunidade.

Actuacións:

1. Adaptación con pictogramas das piscinas municipais e pavillóns deportivos do Concello de Santiago.
2. Adaptación con pictogramas das piscinas municipais do Concello de Culleredo.
3. Adaptación con pictogramas das piscinas ou doutros espazos públicos de interese da provincia da Coruña.
4. Adaptación con pictogramas de piscinas ou doutros espazos públicos de interese das provincias de Lugo e Ourense.
 - **Obxectivo específico 1:** Adaptar espazos públicos para facilitar o seu uso ás persoas con TEA de xeito seguro, autónomo e comprensible.
5. Elaborar un manual sobre accesibilidade comunicativa para as persoas con TEA.
 - **Obxectivo específico 2:** Ofrecer información e asesoramento sobre as barreiras de comunicación e formas de superalas.

Programa para familias e persoas con TEA



Proxecto de Respiro Familiar e Ocio

Obxectivo xeral: Ofrecer ás familias un período de descanso para reducir a sobrecarga física e emocional á que se ven sometidos, combinándoo con actividades de ocio para os seus fillos.

Actuacións:

1. Respiros para nenos e nenas de estancia curta, 5/6 días no mes de setembro.
2. Respiros para mozos e mozas de estancia curta, 5/6 días no mes de setembro.
 - **Obxectivo específico 1:** Facilitar ás familias un tempo de descanso e desenvolvemento persoal.
 - **Obxectivo específico 2:** Facilitar aos familiares con TEA actividades de ocio que promovan o seu goce e descanso.

Proxecto Estadías Terapéuticas

Obxectivo xeral: Ofrecer ás familias un período de descanso para reducir a sobrecarga física e emocional a que se ven sometidos, combinándoo con actividades terapéuticas para os seus fillos.

Actuacións:

1. Terapia con asnos.
 - **Obxectivo específico 1:** Facilitar ás familias tempos curtos de respiro para o seu desenvolvemento persoal.
 - **Obxectivo específico 2:** Facilitar ás persoas con TEA terapias específicas que promovan o seu benestar fóra do fogar e contribúan a mellorar as súas habilidades.

Proxecto de Inclusión Social

Obxectivo xeral: Mellorar a autonomía persoal das persoas con TEA por medio da participación nos entornos sociais.

Actuacións:

1. Todas aquelas que promovan de xeito eficaz a inclusión social das persoas con TEA das entidades federadas.
 - **Obxectivo específico:** Adquirir a autonomía e usos sociais fomentando a participación activa das persoas con TEA na contorna.


Proxecto de Ocio e Tempo Libre

Obxectivo xeral: Proporcionar ás persoas con TEA un tempo de lecer adaptado e inclusivo que fomente a súa autonomía persoal e o desenvolvemento de habilidades sociais dende unha perspectiva lúdica.

Actuacións:

1. Campamentos de verán.
 - **Obxectivo específico:** Ofrecer ás persoas con TEA actividades de ocio e tempo libre adaptadas as súas necesidades e intereses.

Programa de Comunicación e Relacións Institucionais



Proxecto de Publicacións

Obxectivo xeral: Promover o coñecemento dos TEA, da Federación, das entidades asociadas e das súas accións. Ofertar a cada un dos públicos da Federación información comprensible, veraz e positiva que responda ás súas necesidades.

Actuacións:

1. Publicación do número XVIII e renovación de *Maremagnum* para unha mellor distribución online.
 - **Obxectivo específico:** Promover o coñecemento e a produción científica sobre os TEA en Galicia.
 -
2. Publicación do terceiro número da revista Autismo Galicia para familias.
 - **Obxectivo específico:** Mellorar o coñecemento que as familias pertencentes ás entidades teñen da Federación e das súas actividades e servizos.
3. Produción e distribución de trípticos informativos dirixidos a públicos específicos dentro do programa Red de Profesionales para la Sensibilización de Autismo España. En 2014, está previsto que se centre nos colectivos docente e médico.
 - **Obxectivo específico:** Mellorar o coñecemento destes colectivos ofrecéndolles información sinxela, útil e específica que os axude a desenvolver o seu labor profesional coas persoas con TEA.

4. Nova guía de accesibilidade con contidos ampliados.
 - **Obxectivo específico:** Crear unha guía que sirva de referencia para elaborar apoios visuais adaptados ás persoas con TEA.

Proxecto de Información, Divulgación e Sensibilización

Obxectivo xeral: Promover a información fiable e positiva sobre os TEA e a súa detección temperá, así como información sobre a Federación, as súas entidades e as accións que desenvolven.

Actuacións:

1. Divulgación das actividades, servizos e proxectos da Federación e das súas entidades a través de distintas canles.
 - **Obxectivo específico:** Informar aos distintos públicos da Federación e á sociedade en xeral da actividade realizada na Federación e nas súas entidades.
2. Renovación da área web.
 - **Obxectivo específico:** Mellorar o entorno web para dar cabida aos principais proxectos da entidade, facilitar a consulta de documentos e o acceso a información útil.
3. Diversificación e reforzo da presenza da Federación nas redes sociais.
 - **Obxectivo específico:** Fortalecer a imaxe da Federación nas redes sociais e chegar aos distintos tipos de público que utilizan cada rede social.
4. Renovación do formato de novas internas Flash Info TEA.
 - **Obxectivo específico:** Crear un novo formato mais dinámico, onde teñan cabida distintas novas e que dirixa o tráfico á páxina web.
5. Celebración de datas sinaladas (DMA 2014, Días Europeos do Autismo, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, preparación do 20 aniversario).
 - **Obxectivo específico:** Promover a información e o coñecemento da sociedade sobre os TEA e reivindicar os dereitos e necesidades do colectivo, aproveitando os momentos de maior atención por parte da sociedade e dos medios de comunicación.

Proxecto de Investigación e Novas Tecnoloxías

Obxectivo xeral: Promover e colaborar na investigación e nos avances tecnolóxicos que supoñan un beneficio para o colectivo de persoas con TEA e as súas familias, en colaboración coas universidades galegas.

Actuacións:

1. Atención ás peticións e colaboración coa comunidade universitaria en traballos e investigacións.
 - **Obxectivo específico:** Promover o coñecemento que os futuros profesionais teñen dos TEA e aproveitar, na medida do posible, as conclusións obtidas nestas investigacións.
2. Divulgación das investigacións e avances tecnolóxicos que sirvan ao colectivo.
 - **Obxectivo específico:** Trasladar o coñecemento dos avances tecnolóxicos e de investigación ao colectivo de persoas con TEA e as súas familias para que poidan beneficiarse del.

Proxecto de Relacións Institucionais e Traballo en Rede

Obxectivo xeral: Establecer, manter e fortalecer os vínculos da Federación co sector público, privado e con outras entidades do terceiro sector, así como reivindicar os dereitos das persoas con TEA ou con outras discapacidades.

Actuacións:

1. Potenciación e visibilización do traballo da Federación nas distintas redes nas que participa, colaborando en proxectos comúns para o beneficio do sector (CAE, CERMI, EAPN-Galicia, Grupo de Convergencia Asociativa).
 - **Obxectivo específico:** Fortalecer os vínculos cos membros destas redes para a mellora da situación do terceiro sector e a reivindicación de dereitos.
2. Participación en actos e actividades que favorezan a relación con entidades públicas e privadas que sexan de interese para a Federación.
 - **Obxectivo específico:** Fortalecer os vínculos con estas entidades de cara a manter as vías de colaboración existentes e abrir outras novas, así como para trasladar as reivindicacións do colectivo.

Proxecto de Captación de Fondos

Obxectivo xeral: Captar recursos privados provenientes de empresas, fundacións ou particulares.

Actuacións:

1. Elaboración de produtos destinados á venda e participación con eles en iniciativas de comercio local.
 - **Obxectivo específico:** Captar fondos de particulares e promover o coñecemento e compromiso da comunidade local coa a Federación e os TEA.
2. Colocación dun proxecto concreto nunha plataforma de crowdfunding para completar o seu financiamento, acompañándoo dunha campaña de comunicación específica.
 - **Obxectivo específico:** Captar fondos de particulares que completen o financiamento dun programa concreto.
3. Promoción de accións de responsabilidade social con entidades privadas, tanto en forma de doazón económica coma outras formas de achega de recursos.
 - **Obxectivo específico:** Captar recursos de entidades privadas.

Programa de Emprego




Proxecto de Emprego para Persoas con TEA

Obxectivo Xeral: Prestar apoio ás persoas con TEA para mellorar a súa empregabilidade.

Actuacións:

1. Desenvolvemento de campañas informativas dirixidas ao tecido empresarial sobre as capacidades laborais das persoas con TEA, os recursos dispoñibles para facilitar a súa adaptación ao posto de traballo e apoio á empresa que contrate a un traballador con TEA.
 - **Obxectivo específico:** Dar a coñecer ao tecido empresarial as capacidades laborais das persoas con TEA e os beneficios fiscais da súa contratación.
2. Realización de prospección empresarial no mercado laboral e análise de postos de traballo.
 - **Obxectivo específico:** Captar ofertas de emprego para as persoas con TEA adaptadas aos seus intereses e capacidades.
3. Establecemento de convenios de colaboración con empresas privadas para que as persoas con TEA realicen prácticas formativas.
 - **Obxectivo específico:** Mellorar as posibilidades de empregabilidade das persoas con TEA a través da realización de prácticas formativas na empresa ordinaria.
4. Realización de entrevistas de información, asesoramento e orientación laboral.
 - **Obxectivo específico:** Elaborar itinerarios personalizados de inserción para persoas con TEA.
5. Realización de actividades de acompañamento e adaptación ao posto de traballo.
 - **Obxectivo específico:** Prestar apoio ás persoas con TEA na adaptación ao posto de traballo.

Programa de Formación



Proxecto Formación Externa

Obxectivo xeral: Realizar actividades formativas para públicos diversos interesados nos TEA.

Actuacións:

1. Curso de voluntariado especializado en TEA.
 - **Obxectivo específico:** Formar a persoal voluntario especializado nos TEA.
2. Curso de apoios visuais para persoas con TEA.
 - **Obxectivo específico:** Formar a profesionais na elaboración de materiais adaptados ás necesidades comunicativas das persoas con TEA.
3. Curso de atención temperá.
 - **Obxectivo específico:** Formar a profesionais en técnicas de mellora e intervención nas persoas con TEA.

Proxecto de Formación interna

Obxectivo xeral: Realizar actividades formativas para o persoal técnico da Federación Autismo Galicia e das súas entidades asociadas.

Actuacións:

1. Realización dunha sondaxe de intereses formativos das entidades asociadas á Federación.
2. Realización de actividades formativas de interese para os profesionais da FAG e das súas entidades baseadas na sondaxe de necesidades formativas.
 - **Obxectivo específico:** Mellorar a capacitación profesional do persoal técnico da Federación e das súas entidades asociadas.

Proxecto de formación para desempregados

Obxectivo xeral: Desenvolver actividades formativas específicas para desempregados que capaciten para o traballo con persoas con TEA.

Actuacións:

1. Curso AFD de Preparador Laboral Especialista nos TEA e outras discapacidades.
 - **Obxectivo específico:** Formar a persoas desempregadas na ocupación de preparador laboral especialista en TEA e outras discapacidades.

ORZAMENTOS


2014

ORZAMENTOS 2014

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Os orzamentos para o ano 2014 tratan de ser axustados á realidade e contexto económico no que nos desenvolvemos e reflicten os recursos cos que se contan habitualmente así como aqueles que se esperan obter, nun exercicio no que, en relación co plan de actuación, se priorizará a captación de fondos privados de cara a mellorar e garantir a sostenibilidade da entidade.

Aínda sendo uns orzamentos nos que se reflicte un descenso de ingresos públicos, prevén o desenvolvemento da maioría das partidas de anos anteriores.



1. Ingresos da entidade por actividade propia	282.007,80 €
--	---------------------

Cotas asociados e afiliados (720)	2.860,00 €
	2.860,00 €

Achegas de usuarios (721)	10.657,36 €
Cotas programa de respiro e ocio	5.100,00 €
Cotas participantes formación	1.800,00 €
Cotas servizos inserción laboral	3.757,36 €

Ingresos colaboraciónes (723)	4.000,00 €
Fundación ONCE	4.000,00 €

Subvencións oficiais afectas á act. Propia (740)	247.698,72 €
Ministerio de Sanidad, Servi. Soci. e igualdad	7.200,00 €
Consellería de Traballo e Benestar (SXPS)	123.061,00 €
Consellería de Traballo e Benestar (DXFC)	24.294,09 €
Consellería de Traballo e Benestar (DXPE)	52.661,92 €
Consellería de Traballo e Benestar (DXPE)	15.567,42 €
Consellería de Sanidade	10.935,00 €
Concello de Santiago de Compostela	1.500,00 €
Deputación da Coruña	9.968,29 €

Doazóns e legados (740)	3.000,00 €
Doazóns e legados	3.000,00 €

2. Axudas monetarias e outros	9.950,47 €
--------------------------------------	-------------------

Axudas monetarias individuais (650)

Axudas alumnado formación	6.963,09 €
Reembolso de Gastos a Órganos de Gobierno (654)	
Reembolso de Gastos de Xunta Directiva	2.987,38 €
3. Ingresos por ventas e actividades mercantís	1.400,00 €
Facturación (700)	1.400,00 €
4. Aprovisionamentos	35.122,41 €
Aprovisionamentos (600)	4.708,16 €
Materiais Respiro familiar e ocio	250,00 €
Material cursos formación	3.968,16 €
Alimentación	490,00 €
Compras de outros Aprovisionamentos (602)	1.045,00 €
Otros aprovisionamientos	500,00 €
Material oficina	545,00 €
Traballos realizados por outras empresas (607)	29.369,25 €
Formación	5.320,04 €
Servizos Soc. entidades	21.538,21 €
5. Gastos de persoal	150.553,72 €
Soldos e Salarios (640)	
Salarios Persoal	113.592,98 €
Seguridade Social (642)	
S. Social Persoal	35.925,74 €
Outros gastos sociais (649)	
Prevención de Riscos Laborais	835,00 €

Formación personal. 200,00 €

6. Outros gastos da actividade 68.871,57 €

Arrendamentos e canons (621) 6.387,56 €

Aluguer de Vehiculos 3.858,36 €

Arrendamentos 2.529,20 €

Reparacións e conservación (622) 14.203,01 €

Reparacións e conservación 2.400,00 €

Gasto de Limpeza 5.137,79 €

Mantemento de informático 4.735,00 €

Mantemento fotocopiadora 1.930,22 €

Servizos de profesionais independentes (623) 11.200,00 €

Docentes 3.200,00 €

Outros servizos profesionais 8.000,00 €

Seguros (625) 2.063,80 €

Seguros para as inversións e as actividades. 2.063,80 €

Servizos bancarios e similares (626) 536,50 €

Gastos xestión de recibos, comisións. 536,50 €

Suministros (628) 6.122,44 €

Combustible 690,00 €

Electricidade 2.294,44 €

Augua 378,00 €

Teléfonos. 2.760,00 €

Outros servizos (629) 28.323,26 €

Outros Servizos 4,99 €

Peaxes 540,00 €

Gasto de Correos e Mensaxería 800,00 €

Albergues 8.453,00 €

Gastos de comunidade	2.944,00 €
Impresión revistas	5.420,61 €
Asesorías e Xestorías	5.231,84 €
Consultoras	375,00 €
Dietas e Gastos de Locomoción	2.541,20 €
Cotas	2.012,62 €

Tributos (631) 35,00 €

Tributos Locais e Taxas 35,00 €

7. Amortización do Inmovilizado 15.999,31 €

Amortización do Inmovilizado Inmaterial (680) 0,00 €

Gasto das inversións do exercicio 0,00 €

Amortización do Inmovilizado Material (681) 15.999,31 €

Gasto das inversións do exercicio 15.999,31 €

8. Subvencións de capital traspasdos ó exercicio 14.901,92 €

Subvencións de capita traspasadas ó exercicio (745) 9.656,70 €

Doazóns e legados de capital traspasados ó exercicio (746) 5.245,22 €

A) EXCEDENTE ACTIVIDADE 4.020,52 €

9. Ingresos financeiros 5,00 €

Ingresos financeiros (769) 5,00 €

Intereses Contas Bancarias 5,00 €

10. Gastos financieros	4.025,52 €
-------------------------------	-------------------

Intereses con entidades de crédito (662)	4.025,52 €
--	------------

Intereses de préstamos	4.025,52 €
------------------------	------------

Outros Gastos Financieros (669)	- €
---------------------------------	-----

Liquidación intereses contas bancarias	0,00 €
--	--------

B) EXCEDENTE OPERACIONES FINANCIERAS	- 4.020,52 €
---	---------------------

C) EXCEDENTE EJERCICIO	0,00 €
-------------------------------	---------------